



Programación docente do Traballo Fin de Estudos (TFE) de Guitarra

Curso 2024/2025

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO D 163/2015)

| 1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN | | | | | | | | | | | |
|---------------------------------------|-----------------------------------|----|-------------|----|-------------|----|--|------|---------------------------------|-----------------------------|---|
| DISCIPLINA: GUITARRA I | | | | | | | | | | | |
| ESPECIALIDADE: | Interpretación | | | | | | ITINERARIOS: | | | Guitarra | |
| CARÁCTER: | Materias obrigatorias específicas | | | | | | TIPO DE CLASE: | | | INDIVIDUAL | |
| DEPARTAMENTO: | Guitarra | | | | | | XEFE DE DPTO.: | | | Francisco Javier Eiras Tojo | |
| CURSOS | 1º curso | | 2º curso | | 3º curso | | 4º curso | | COORDINADOR/A DA DISCIPLINA: | | Francisco Javier Eiras Tojo |
| CUADRIMESTRES | I | II | III | IV | V | VI | VII | VIII | Horas de clase semanais: | | |
| ECTS/CUAD. | | | | | | | | 10 | Observacións: | | O alumnado terá un titor asignado da especialidade, co que realizará titorías para o asesoramento no correspondente traballo. |
| DOCENTES: | NOME E APELIDOS | | | | | | EMAIL/TEL/WEB | | | TITORÍA | |
| | Francisco Javier Eiras Tojo | | | | | | fran.eiras@edu.xunta.gal | | | Xoves, de 12:30 a 13:30 | |

| 2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS | |
|------------------------------|--|
| DESCRITOR: | <p>Interpretación dun concerto público e elaboración e defensa dun traballo académico correctamente documentado que versará sobre diversos aspectos do desenvolvemento curricular da especialidade interpretativa de guitarra ou repertorio do propio instrumento, admitíndose tamén sobre calquera tema relacionado coas materias propias da especialidade impartidas ao longo da carreira, inclusive de forma transversal. Deberá contar cun modelo de estruturación, busca de información, utilización das oportunas ferramentas, consulta e datación das fontes co fin da elaboración dun documento destinado a fomentar a adquisición de competencias en investigación</p> <p>Pola súa banda, o concerto deberá ter una duración de entre 45 é 70 minutos, con descanso opcional non computable e que non supere os 15 minutos.</p> |
| COÑECEMENTOS PREVIOS: | Son coñecementos previos todos os abordados ao longo de todos os estudos conducentes á titulación de guitarra. |



| | |
|---|---|
| | <p>Requírese estar matriculado nos créditos da disciplina do traballo fin de estudos, así como o cumprimento dos prazos e normas establecidas no protocolo correspondente, aprobado polo centro.</p> <p>A presentación pública do TFE estará condicionada á superación de todas as disciplinas que integran o plan de estudos da súa especialidade.</p> |
| RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS (OPCIONAL) | A disciplina do traballo fin de estudos ten relación directa con todas as disciplinas da especialidade e itinerario correspondente. |
| COMPETENCIAS TRANSVERSAIS: | T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16 |
| COMPETENCIAS XERAIS: | X2, X3, X5, X7, X8, X10, X13, X21, X25 |
| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS: | EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI6, EI8, EI10 |
| Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 anexo II | |

| 3. OBXECTIVOS | |
|---|---|
| DESCRICIÓN | COMPETENCIAS RELACIONADAS |
| Elaborar e defender un traballo académico que integre, sintetice e aplique os coñecementos teóricos adquiridos ao longo dos cursos e saber buscar e seleccionar información valorando de xeito crítico. | T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16, X5, X8, X10, X13, X25, EI6. |
| Interpretar un concerto público onde se reflectan todos os coñecementos prácticos e artísticos adquiridos ao longo das disciplinas cursadas. | T1, T2, T3, T6, T15, T16, X2, X3, X7, X8, X13, X21, X25, EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI8, EI10 |

| 4. CONTIDOS | |
|---------------------------------|---|
| TEMAS | DESCRITOR DE SUBTEMAS |
| 1. Interpretación do repertorio | 1.1 Elección do repertorio. 1.2 Interpretación en público. |
| | Terá unha duración de entre 45 e 70 minutos, coa posibilidade dun descanso opcional que non computará no tempo e que non debe exceder de 15 minutos. |
| 2. Traballo académico | 2.1 Elección do tema do traballo. 2.2 Desenrolo da información. 2.3 Exposición e defensa. |
| | ✓ O traballo poderá versar sobre diversos aspectos do repertorio elixido, do seu instrumento, ou calquera outra temática relacionada coa especialidade, tanto en aspectos históricos, estilísticos como didácticos, e aprobada polo departamento. |



| | |
|--|---|
| | <ul style="list-style-type: none"> ✓ Deberá ter unha extensión mínima de 20 páxinas (contendo polo menos 5.500 verbas), tamaño DIN A4, letra Arial tamaño 12, a dobre espazo, sen contar coas referencias bibliográficas e os títulos. Recoméndase un máximo de 60 páxinas. ✓ Deberá estar debidamente presentado, cunha correcta encadernación, que permita a súa posterior garda na biblioteca do centro. ✓ Dito traballo deberá conter un resumo do mesmo nun idioma estranxeiro, en galego e mais en castelán de ata 300 verbas, nun total de 3 idiomas diferentes. ✓ O alumno/a disporá dun máximo de 20 minutos para a defensa do seu traballo académico, a continuación o tribunal abrirá un proceso d debate ou poderá formular rolda de preguntas, cun máximo de 10 minutos para dita parte. |
| Proposta | <ul style="list-style-type: none"> ✓ O 9 de outubro publicaranse no taboleiro de anuncios a listaxe coa asignación dos/as titores/as para o TFE. ✓ O/A alumno/a presentará a proposta ao departamento a través do/a seu/súa titor/a. O/A titor/a terá de prazo para enviala ao xefe de departamento ata o 4 de novembro. O modelo para presentar dita proposta atópase na páxina web do centro (apartado de Secretaría). Constará, alomenos dos seguintes puntos: Título, Xustificación, e Índice Xeral. ✓ O departamento terá de prazo ata o 15 de novembro para resolver as propostas. O/A xefe/a de departamento comunicará por correo electrónico a cada alumno/a e á xefatura de estudos a resolución das mesmas. ✓ De non considerarse idónea a proposta formulada, o/a alumno/a deberá aceptar os cambios propostos polo departamento ou formular unha nova proposta. Neste caso, o/a alumno/a disporá ata 29 de novembro para reformular a súa proposta. ✓ Se ao longo do desenvolvemento do traballo xurdise a necesidade de modificar calquera aspecto do TFE, o/a alumno/a solicitarao ao departamento de guitarra (empregarase o mesmo modelo que para a proposta inicial) a través do/da seu/súa titor/a, e unha vez revisada a petición, resolverá que proceda, informando directamente ao/a alumno/a, a través do correo electrónico. O prazo para presentar as propostas de modificación do TFE será de ata 30 días naturais antes de depositar o traballo, programa, etc. ✓ -Os alumnos/as que aproben disciplinas nas datas de adianto de convocatoria e se matriculen do TFE en decembro realizarán a proposta de TFE entre o 09 e o 13 de decembro. A aceptación da proposta por parte do departamento realizarase antes do 10 de xaneiro. |
| <p>Deberá consultarse a circular vixente 10/2014, a Orde do 21 de novembro de 2016 (disponibles na web do centro no apartado de lexislación). Así como os documentos relativos o desenrolo de TFE que se publiquen no centro.</p> | |
| Entrega do traballo | <p>O alumnado entregará o traballo na secretaría do centro nas seguintes datas:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ 13 de xaneiro: para os que realicen o TFE na convocatoria do 3 de febreiro ao 7 de marzo. ✓ 19 de maio: para os que realicen o TFE na convocatoria ordinaria, sendo do 09 de xuño ao 4 de xullo. ✓ 16 de xuño: para os que realicen o TFE na convocatoria extraordinaria, sendo do 7 de xullo ao 16 de xullo. ✓ No caso do alumnado que dispoña do 1º cuatrimestre para a realización da convocatoria extraordinaria do TFE, ata tres semanas antes da data solicitada. <p>En caso de non presentalo no prazo establecido, non se convocará o tribunal e o alumno non poderá realizar o exame, sendo cualificado con NON PRESENTADO e consumindo dita convocatoria.</p> |



| | |
|--|--|
| | O traballo presentárase no formato establecido na Circular 10/2014, apartado 3.2, e cumprimentando o formulario correspondente, que levará o visto e prace do/a profesor/a titor/a. Entregarase unha copia en papel debidamente encadernada , máis unha copia en formato dixital , que será enviada ó correo de vicedirección@csmcoruna.com xunto co programa a interpretar e toda canta información se queira achegar para a elaboración dos programas de man , polo menos deberán conter: programa a interpretar (autor, obra, movemento, etc.), músicos participantes (de ser o caso) e breve curriculum do/a alumno/a . Os programas de man e carteis serán elaborados polo centro. |
|--|--|

| 5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA | | | | |
|--|---|-------------------|-----------------------|-----------------|
| TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN | | HORAS PRESENCIAIS | HORAS NON PRESENCIAIS | TOTAL HORAS |
| Proposta, estudo e interpretación dun concerto | | | 224 | 224 |
| Proposta, elaboración, exposición e defensa dun traballo académico | Parte 1: consulta de fontes | | 60 | 60 |
| | Parte 2: redacción dun marco teórico ou síntese dos contidos das fontes consultadas | | | |
| | Parte 3: desenvolvemento do obxecto de estudo | | | |
| | Parte 4: desenvolvemento da discusión e conclusións | | | |
| | Entrega do traballo e revisión. Correccións finais das partes anteriores | | | |
| | Seguimento da evolución do traballo | | | |
| Titorías e probas | | 16 | | 16 |
| Ensaio para a preparación do concerto solista | | Presencial | | |
| Ensaio para a preparación da presentación pública | | Presencial | | |
| Exposición e defensa do traballo académico | | Presencial | | |
| Interpretación pública do concerto | | Presencial | | |
| TOTAL HORAS: | | 16 | 284 | 300h 10 ECTS |

6. AVALIACIÓN

O alumno/a disporá de dúas convocatorias, ordinaria e extraordinaria respectivamente, para a superación desta disciplina. A avaliación e cualificación correspondente á convocatoria ordinaria realizarase ao remate do 2º cuatrimestre de cada ano académico, e a correspondente á convocatoria extraordinaria realizarase no mes de xullo. De ser o caso, o alumnado que non supere ou non presente o traballo fin de estudos (TFE) no curso escolar en que finaliza os estudos,



terá dereito a utilizar as convocatorias correspondentes durante o 1º cuadrimestre do seguinte ano académico.

| FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | COMPETENCIAS AVALIADAS | PONDERACIÓN |
|---------------------------|---|------------------------|-------------|
| Actividades introdutorias | Planificar e decidir tanto o repertorio do concerto como o tema do traballo académico | | |
| Titorías | Guiar e asesorar ao alumno para a preparación das probas. | | |

AVALIACIÓN DO CONCERTO

(80% da nota final)

ACTIVIDADE: Interpretación pública dun programa de concerto.

| | | |
|--|---|-----|
| Dominio técnico instrumental: control dos recursos técnicos propios do instrumento | T1, T13, T15, X3, E1, E4. | 40% |
| Madurez artística (coherencia no fraseo, rigor estilístico, comprensión do texto musical e fidelidade ao mesmo, dinámicas e variedade das cores do son, articulacións e proxección do son) | T2, T9, T10, T13, X16, X1, X2, X3, X5, X7, X9, X12, X13, X14, X21, X23, E1, E2, E3,E4, E5, E8, E10 | 50% |
| Interese artístico e técnico do repertorio presentado. | T13, X6, X11, X21, E11, E15, E10 | 10% |

AVALIACIÓN DO TRABALLO ACADÉMICO

(20% da nota final)

O tratamento do contido do traballo será orixinal, de maneira que de detectarse que o alumnado utiliza textos ou teorías de calquera clase de terceiros, aparentando que é da súa propia autoría, será considerado plaxio e cualificado con 0 puntos.

ACTIVIDADE: exposición pública dun traballo académico.

| | | |
|--|---|-----|
| Aspectos formais do traballo (claridade de ideas, de exposición e organización de ideas, ademais de proporción axeitada e coherencias entre as partes do traballo, riqueza lingüística no discurso). | T1, T3, T6, T8, T14, X12, X17, X18, X26 | 20% |
| Coherencia no desenrolo da metodoloxía (suficiencia e profundidade do marco teórico, de xeito que se demostre ter coñecementos sobre o desenvolvemento e o nivel alcanzado no tema tratado) | T1, T3, T6, T8, T14, X12, X17, X18, X26 | 20% |
| Rigor científico do traballo (documentación de apoio actualizada e referencias bibliográficas citadas conforme ás normas utilizadas no traballo) | T2, T4, T5, T13, T16, T17 X5, X13, X14, X15, X16, X19, X20, X24, X25, X27 | 20% |
| Creatividade e orixinalidade na abordaxe e na presentación da temática. Interese e rigor nas conclusións do traballo | T1, T3, T6, T8, T14, X12, X17, X18, X26 | 20% |
| Exposición e defensa pública do traballo | T7, X10, X18, E6 | 20% |



É requisito imprescindible aprobar as dúas partes para obter a nota final, que xurdirá da ponderación das notas do Traballo Académico (20%) e do Recital (80%).

CRITERIO MÁTRÍCULA DE HONRA.

Os alumnado que acade unha cualificación de 9,5 ou máis serán propostos para obter matrícula de Honra (MH). No caso de que o número de matrículas posibles que se podan conceder sexan menor ao número de alumnos que acaden esta cualificación mínima, darase prioridade aos alumnos que obteñan maior cualificación no TFE. No caso de haber alumnos coa mesma cualificación e tendo que dirimirse a concesión da MH, resolverase en función da nota máis alta na media do expediente académico

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

| DESCRICIÓN | CRITERIOS E PAUTAS |
|---|--|
| <p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.</p> <p>Así mesmo, terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</p> | <p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p> |